

**ROBERTO CARRODEGUAS MÉNDEZ, SECRETARIO-INTERVENTOR ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA)**

**CERTIFICO:**

Que na sesión realizada pola Xunta de Goberno Local deste Concello o día 31 de outubro de 2024, entre outros adoptouse o acordo que literalmente di:

**“8.- Concesión subvencións municipais para entidades deportivas do Concello de Meis para o ano 2024.**

O Secretario-interventor accidental da lectura á seguinte proposta da Alcaldía:

“Tramitado o correspondente expediente de subvencións municipais para entidades deportivas do Concello de Meis para o ano 2024, resultan os seguintes feitos:

En data 27 de agosto de 2024 incóase procedemento de concesión de subvencións outorgadas ás entidades en réxime de concorrencia, en concreto, a convocatoria das subvencións municipais para entidades deportivas do Concello de Meis.

Consta incorporado ao expediente documento contable de retención de crédito número 4756 na aplicación orzamentaria 2024/341/48005 polo importe de 18.000,00 euros, polo concepto “Subvencións a entidades deportivas do Concello de Meis”.

Mediante Decreto da Alcaldía número 2024-0481, de 28 de agosto de 2024, apróbase a convocatoria e as bases específicas das subvencións, por procedemento de concorrencia competitiva, para as entidades deportivas do Concello de Meis para o ano 2024.

Con data 29 de agosto de 2024 procédese a rexistrar as bases e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, para a posterior publicación dun extracto de convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra número 171, de data 3 de setembro de 2024.

Tramitado o expediente conforme ó disposto nas bases da convocatoria, vistas as solicitudes presentadas, a Comisión de avaliación de data 22.10.2024 formula proposta de resolución provisional, sendo obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal>), e adicionalmente na páxina web municipal, aos efectos de que as entidades solicitantes, por medios electrónicos e nun prazo non superior a 3 días hábiles a contar dende o día seguinte á data de publicación, puidesen presentar as alegacións que estimasen procedentes.

Durante o precitado prazo non se presentaron alegacións.

Visto que se achega Acta da citada Comisión na que se detalla a proposta de concesión e denegación de subvencións, reseñando, de ser o caso, o concepto e o importe das mesmas.

Visto que consta informe no expediente no que se fai constar tamén que da información que obra no expediente resultaría que as entidades cumpren con todos os requisitos esixidos para ser beneficiarias das subvencións.

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**Primeiro.-** Conceder subvencións municipais ás entidades deportivas do Concello de Meis para o ano 2024 que figuran a continuación, polo importe que se indica:

C.I.F.	ENTIDADES	IMPORTE €
G36114056	Agrupación Deportiva Chan do Fento	2.900,00



G36569416	Club Armenteira e Punto	3.696,03
G36362127	Zacande Fútbol Club	1.793,34
G36151462	C.D. Mosteiro	6.451,65

**Segundo.-** Publicar este acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal>), e adicionalmente na páxina web municipal, remitindo a información precisa a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

**Terceiro.-** Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación da proposta da alcaldía.”

E para que conste, expido este certificado, de orde e co Visto e Prace da Sra. Alcaldesa.

Visto e prace  
A alcaldesa

Marta Giráldez Barral

ASINADO ELECTRONICAMENTE

